

# A ÉTICA APLICADA COMO CONSTRUCCIÓN DE CULTURA ÉTICA NAS ORGANIZACIÓNS E OS SERVIZOS



## 1.- Presentación:

A ética é un elemento central no exercicio profesional da Educación Social, pois esta profesión ten unha importante carga de valores. As e os profesionais debemos ter unha visión crítica co noso entorno e co noso propio traballo e asumir a reflexión ética como unha constante.

A orientación deontolóxica no exercicio da profesión proporcionanola o Código Deontolóxico da Educadora e o Educador Social, como marco mínimo de referencia.

As xornadas consistirán nunha ponencia do Dr. Jesús Vilar Martín, diplomado en maxisterio e doutor en pedagogía pola Universidade de Barcelona.

Seguidamente establecerase un espazo de diálogo e debate co ponente para, entre todas e todos, buscar solucións aos retos plantexados na parte anterior da exposición.

O sábado dispoñemos unha mesa redonda con entidades do terceiro sector para debater a cerca da importancia da ética na acción socioeducativa moderada pola comisión ética do Ceesg que fará unha exposición da revisión do código deontolóxico que están a desenvolver.

Como apoio ao afrontamento de conflitos éticos que se nos poidan presentar no noso traballo, o Ceesg creou no ano 2014 a Comisión Ética e de Benestar Profesional, que ten por obxectivo dar resposta ás dúbidas de carácter ético que se presenten no noso quefacer profesional, de xeito orientativo e non vinculante.

A Comisión está formada por varias persoas do eido profesional e académico con especial interese e traxectoria nesta materia.

Na mesa redonda do sábado participarán as seguintes entidades: IGAXES, COGAMI, CONSORCIO DAS MARIÑAS e máis e estará moderada pola Comisión Ética do Ceesg.

## 2.- Datos básicos das xornadas:

**Datas:** 26 e 27 de maio do 2023. De 10:00h a 14:00h e de 16:00h a 20:00h o venres 26 e de 10:00h a 14:00h o sábado 27.

**Duración das xornadas:** 16 horas de formación certificada en dous bloques de venres todo o día e sábado pola mañá.

**Modalidade:** Presencial.

**Lugar:** As xornadas terán lugar na sede da EGAP en Santiago de Compostela

[Rúa de Madrid, 2, 15707 Santiago de Compostela, A Coruña](#)

**Persoas destinatarias:** Profesionais da Educación Social e estudantes de Educación Social.

**Cota de matriculación:** 10€

Ingreso na conta de Banco Sabadell ES41-0081-0499-6100-0104-6708

**Inscripcións:** Na páxina web do Ceesg. [www.ceesg.gal](http://www.ceesg.gal)

**Data límite inscricións:** 23 de maio.

### **3.- Obxectivo:**

- Entender a ética aplicada como un eixo artellador da mirada sobre a realidade e sobre a acción profesional.
- Identificar os momentos e os elementos básicos para construír a perspectiva ética nas organizacións.

### **4.- Contidos:**

#### **1. O contexto da práctica profesional.**

- 1.1. Complexidade, diversidade, cambio, incerteza.
- 1.2. Das respostas pechadas á construción de respostas contextuais.
- 1.3. Interprofesionalidad e redes.

#### **2. O sentido moral da práctica profesional.**

- 2.1. Ética e responsabilidade (máis aló da ciencia, a técnica e a lei). Principios fundamentais: autonomía, xustiza, beneficencia e non maleficencia.
- 2.2. Da ética persoal á ética profesional.
- 2.3. Deberes morais na profesión. Sentido e función dos códigos deontolóxicos.
- 2.4. Modelos de construción das éticas aplicadas (ou de que forma enfócase a aplicación dos principios): deber, utilidade, diálogo, virtude e coidado. Repercusións na educación social.
- 2.5. Niveis de análises e tipoloxías de discurso moral nas profesións.

#### **3. Dimensións/momentos na construción da cultura ética.**

- 3.1. O momento deontolóxico: definir a posición.

3.2. O momento teleolóxico ou estratéxico: proxección dos principios na organización e nas estruturas de traballo en rede. Anticipación.

3.2.1. Construción de infraestruturas éticas.

3.2.2. Elaboración de mapas de riscos éticos.

3.2.3. Seguemento e avaliación: indicadores e auditorías éticas.

3.2.4. Elaboración de criterios en forma de guías orientativas.

3.3. O momento técnico-regulador.

3.3.1. O método deliberativo. Estratexias de discusión dos conflitos éticos.

3.3.2. Elementos de soporte: as guías de referencia na toma de decisións.

#### **4. Retos e necesidades actuais.**

4.1. Formación específica en ética aplicada máis aló do código deontolóxico.

4.2. Construír infraestruturas de soporte para que os equipos poidan xerar as súas propias infraestruturas na organización.

4.3. Construír un mapa cos principais elementos na construción dunha idea ampla de ética profesional.

## **5.- Metodoloxía**

Partiremos dunha primeira presentación teórica do conxunto de temas. A partir de aquí, abriremos diálogos e debates específicos en cada un deles para aclarar dúbidas.

De maneira conxunta, buscaremos situacións que poidan exemplificar os temas expostos.

## 6.- Docente:



### **Dr. Jesús Vilar Martín**

**Director Acadèmic de Grau.  
Facultat d'Educació Social i  
Treball Social Pere Tarrés (URL)**

**Diplomado en maxisterio, licenciado en pedagogía e doutor en pedagogía.**

Actividades e grupos: GIAS (Grupo de investigación en Innovación e Análise Social)

GREM (Grup de recerca en Educació Moral)

PSITIC (Pedagogia, societat, innovació i TIC)

Desde o ano 1994, é profesor da Facultat d' Educació Social i Treball Social da Universitat Ramon Llull nas materias: pedagogía social, teorías e procesos educativos, supervisión de prácticas, ética profesional e deseño e planificación educativa.

Foi responsable da área de estudos de Educación Social, coordinador do Máster Universitario de Pedagogía Social.

Actualmente dirixe a área de publicacións da Facultade, é membro do Comité de Ética da investigación da URL, vogal da Comisión Permanente do Observatori dels Drets da Infància do Departament de Benestar i Família, da Generalitat de Catalunya e membro do equipo de dirección científica do programa Caixa Proinfancia.

Forma parte do grupo de investigación GIAS, na sublínea "Ética, responsabilitat professional, competències i tècniques en contextos complexos" e colaborador do grupo PSITIC.

Os temas actuais de traballo e investigación son: estudo sobre a aplicación de Convención dos Dereitos da Infancia, a construción da ética profesional no campo socioeducativo, os retos na formación inicial e permanente dos profesionais da educación en escenarios de complexidade e a acción socioeducativa con infancia e mozas en situación de risco e vulnerabilidade.

As publicacións máis destacadas poden seguirse en academia.edu:

<http://url.academia.edu/JesúsVilarMartín>

e no Google Académico:

<https://scholar.google.es/citations?user=nJc8dScAAAAJ&hl=es>



[ceesg.gal](http://ceesg.gal) | 981.552.206